

## Elixo o CLOUD que necesita a túa empresa



A pandemia acelerou a transformación dixital das empresas, pero aínda son moitas as entidades, de todo tamaño, que continúan sen dixitalizar os seus procesos.

Dentro das grandes decisións que tiveron que tomar moitas compañías unha das máis recorrentes foi o paso á nube. É o momento? É caro? Que melloras teño con respecto a ter todo en local? Calquera empresa pode subir á nube?

Moitos proxectos para pasar á nube fracasan non pola tecnoloxía, senón pola formulación errónea na planificación. Que debemos subir á nube? Como podemos aforrar custos? Como podemos dividir servizos? Como facemos esa migración?

Sen dúbida a nube ábrenos un amplo abanico de posibilidades: membros traballando desde calquera lugar, datos centralizados nun espazo seguro, copias de seguridade integradas, maior flexibilidade para o crecemento e decrecemento das empresas...

E se me paso á nube... a que tipo de nube? Unha nube pública? Unha nube privada? Híbrida?

Nesta xornada aclararemos moitas destas dúbidas, poñeremos exemplos e falaremos de casos de éxito (e de fracaso) tanto para pequenas como para grandes empresas e veremos todos os puntos importantes para que poidamos tomar unha decisión acertada á hora de valorar se deberíamos ou non pasarnos á nube.

Non importa nin o tamaño nin a tipoloxía da túa empresa, esta xornada interésache si ou si.

## Programa

### Presentación

M<sup>a</sup> José Mariño Fontenla, Directora de Centros da Axencia Galega de Innovación


### Invitados

- Pablo Rivera Somorrostro, CEO en 2Ksystems
- Rafa Villaverde, presidente en Cloud.gal

### Contido

- Tipos de nube
- Puntos clave na migración á nube
- Seguridade e normativa
- Provedores Cloud
- Casos de éxito

### Diálogo



## MÁS INFORMACIÓN E CONTACTO

Data: **19 de abril**

Horario: **de 9:30h a 10:30h**

Modalidade: **en liña**

Prazo de inscrición: **ata o 18 de abril**

Teléfono: **981 337 173**

e-mail: **infocistd.gain@xunta.gal**